

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

*ORDE do 1 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ás pemes para o financiamento de actuacións destinadas á prevención, protección, mellora e coñecemento ambiental, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se fai pública a súa convocatoria para o ano 2013.*

De conformidade co plan de traballo iniciado no ano 2010, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas fai pública unha nova convocatoria de axudas, destinadas ás pequenas e medianas empresas da nosa comunidade autónoma, coa finalidade de favorecer o establecemento de patróns sustentables de produción e consumo que evidencien que crecemento económico e protección do ambiente non son conceptos necesariamente desvincellados, senón que, pola contra, nestes últimos anos se constatou que os investimentos das empresas en materia ambiental acaban converténdose nunha vantaxe competitiva e traen consigo un beneficio, non só para o ambiente e a sociedade en xeral, senón tamén para as propias empresas, en aspectos tales como aforro de recursos, prevención e xestión axeitada dos seus residuos e prevención de riscos ambientais.

Segundo as recomendacións feitas pola Comisión Europea na súa Comunicación do 3 de marzo de 2010, Europa 2020: unha estratexia para un crecemento intelixente, sustentable e integrador (COM(2010) 2020), cinco son os obxectivos fundamentais fixados para os vindeiros anos, que se traducirán tamén en obxectivos nacionais e rexionais: o emprego, a investigación e a innovación, o cambio climático e a enerxía, a educación e a loita contra a pobreza.

No tocante ao terceiro dos obxectivos sinalados, esta comunicación avoga por «apoiar o cambio cara unha economía con baixas emisións de carbono, incrementar o emprego de fontes de enerxía renovables, modernizar o noso sector do transporte e promover a eficacia enerxética» ao tempo que se contribúe a mellorar o ámbito empresarial, especialmente para as pemes.

Este obxectivo identifícase como 20/20/20 porque o que se pretende é:

– Reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro polo menos nun 20 % en comparación cos niveis de 1990.



– Incrementar a porcentaxe de fontes de enerxía renovables no noso consumo final de enerxía tamén nun 20 %.

– Así como incrementar nun 20 % a nosa eficacia enerxética.

Pois ben, tendo e conta este obxectivo, así como as competencias asumidas por este departamento noutras materias, a presente convocatoria vai destinada a apoiar as empresas na procura de respostas aos retos e oportunidades asociados á innovación ambiental, a fomentar a realización por parte das empresas de actuacións e investimentos encamiñados, con carácter prioritario, á prevención, protección, mellora e coñecemento ambiental, prestando a súa colaboración económica aos proxectos realizados polo sector empresarial galego en materia de cambio climático, xestión dos recursos e dos residuos, realización de auditorías ambientais así como aqueles que teñan por obxecto a realización de estudos de análise de riscos ambientais.

Cómpre sinalar que estas subvencións están cofinanciadas nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), ao abeiro do disposto no Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional; no Regulamento 1083/2006, do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, así como no Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan as normas de desenvolvemento do Regulamento 1083/2006.

As actuacións subvencionables están incluídas, segundo a distribución que se sinala a continuación, no eixe 2, categoría de gasto 06, actuacións 1 a 4, do programa operativo Feder Galicia 2007-2013:

a) Investimentos das empresas co fin de acadar unha redución das emisións á atmosfera ou unha mellora da calidade do aire: 2.06.4.

b) Investimentos das empresas destinados a mellorar o seu comportamento ambiental en materia de xestión e uso sustentable dos recursos e os residuos: 2.06.1.

c) Estudos de análise e avaliación de riscos ambientais en instalacións industriais: 2.06.3.

d) Implantación e mantemento no Sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS): 2.06.2.



e) Auditoría para a determinación da pegada de carbono dun produto: 2.06.2.

De conformidade co previsto no Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, esta é o órgano da Comunidade Autónoma ao que lle corresponde, entre outras, o exercicio das competencias e funcións en materia de ambiente, consonte o disposto no Estatuto de autonomía de Galicia nos termos sinalados na Constitución.

Pola súa banda, segundo se sinala no citado decreto, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental exercerá as competencias e funcións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección da dita incidencia, a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, o impulso da investigación ambiental e o desenvolvemento tecnolóxico e a súa posta en marcha para o logro da adecuada protección ambiental e o desenvolvemento de estudos e informes en materia de ambiente.

En consecuencia, procédese pola presente a facer públicas as bases reguladoras e a convocatoria destas axudas, para o ano 2013, destinadas a subvencionar as actuacións que se sinalan no ámbito das competencias atribuídas á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental coa finalidade de mellorar as condicións ambientais e acadar un desenvolvemento sustentable na Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude do anterior, no uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

Esta orde ten por obxecto regular a concesión, polo procedemento de concorrencia competitiva, e facer pública para o ano 2013 a convocatoria de subvencións para o financiamento de actuacións destinadas á prevención, protección, mellora e coñecemento ambiental.

Artigo 2. *Beneficiarios*

1. Con carácter xeral, poderán ser beneficiarios das subvencións que se regulan na presente orde as pequenas e medianas empresas (pemes) que, cumprindo o establecido neste artigo, teñan o seu domicilio social ou algún dos seus centros no territorio da Comu-



nidade Autónoma de Galicia e sexa neste mesmo ámbito territorial no cal desenvolvan ou materialicen o proxecto ou actuación obxecto da subvención.

En particular, para a realización de estudos de análise de riscos ambientais consideraranse beneficiarias unicamente as Pemes que, ademais de cumprir o establecido no punto anterior, estean incluídas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrado da contaminación (BOE núm. 157, do 2 de xullo).

2. Considerarase pequena e mediana empresa (peme) a que se axuste á definición que dela ofrece o Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008 (DOUE L 214/3, do 9 de agosto), no seu anexo I, e que entende por tal aquela entidade que, independentemente da súa forma xurídica e sempre que estea validamente constituída no momento da presentación da solicitude, exerza unha actividade económica, excepción feita das que teñan a consideración de entidades sen ánimo de lucro que quedan excluídas desta convocatoria.

Dentro deste concepto de empresa, as pequenas e medianas empresas defínense e subdivídense, pola súa vez, segundo se indica a continuación:

– Mediana empresa, a que empregue menos de 250 persoas e cuxo volume de negocio anual non exceda os 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non exceda os 43 millóns de euros.

– Pequena empresa, a que empregue menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou balance xeral anual non exceda os 10 millóns de euros.

– Microempresa, aquela que conte con menos de 10 empregados, cuxo volume de negocio anual ou balance xeral anual non exceda os 2 millóns de euros.

Será necesario que a empresa solicitante reúna ambos os requisitos (número de persoas empregadas e volume de negocios ou balance xeral anuais) para que poida considerarse peme.

Neste senso, cómpre sinalar que para o cálculo destes requisitos se terá en conta o establecido nos artigos 3, 4, 5 e 6 do anexo I do Regulamento 800/2008 antes citado, especialmente no tocante ás nocións de empresa autónoma, asociada e vinculada.

3. Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda care-



cendo de personalidade xurídica e sempre que se axuste ao sinalado no número 2 deste artigo, poidan desenvolver o proxecto, actividade ou comportamento para o que se solicita a axuda deberase facer constar expresamente tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios. Deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir coas obrigas propias dos beneficiarios dunha subvención. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Non poderán obter subvención ao abeiro da presente convocatoria as persoas físicas ou xurídicas sancionadas por faltas graves ou moi graves ou condenadas por delito como consecuencia do incumprimento da normativa ambiental ata que, se é o caso, cumpran a condena ou sanción e executen as medidas correctoras pertinentes, se é o caso, ou transcorran os prazos de prescrición correspondentes.

5. Quedarán excluídas aquelas persoas ou empresas incursas nalgún dos supostos recollidos no artigo 10.2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 3. Réxime xurídico, principios de aplicación e compatibilidade coa normativa comunitaria*

As axudas reguladas na presente orde concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

Así mesmo, axustaranse ao establecido nas disposicións que se sinalan:

– A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

– Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

– Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



– Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

– Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

– Regulamento 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión.

– Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan as normas de desenvolvemento do Regulamento 1083/2006.

– Regulamento (CE) nº 1998/2006 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado do CE (na actualidade artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea) ás axudas *de minimis* (publicado no DOUE L 379/5, do 28 de decembro). Quedan suxeitas a este réxime todas a axudas concedidas ao abeiro desta orde.

– Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (na actualidade, artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea), Regulamento xeral de exención por categorías (publicado no DOUE L 214/3, do 9 de agosto de 2008), que se ten en conta no tocante á definición de peme.

Supletoriamente, tamén resultan de aplicación:

– A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

– O Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Así como as demais normas citadas nesta orde e aquelas outras que resulten de aplicación.

#### Artigo 4. *Actuacións subvencionables*

1. As actuacións a que van destinadas estas axudas refírense á prevención, protección, mellora e coñecemento ambiental.



2. En particular, cinco son os grupos de actuacións subvencionables:

a) Investimentos das empresas solicitantes co fin de acadar unha redución das emisións á atmosfera ou unha mellora da calidade do aire, que se poidan encadrar nun dos tres subgrupos de actuacións que se sinalan a continuación:

a.1) Investimentos que produzan unha redución efectiva de emisións de gases efecto invernadoiro (GEI) considerados polo Protocolo de Quioto ( $\text{CO}_2$ ,  $\text{CH}_4$ ,  $\text{N}_2\text{O}$ , HFC, PFC,  $\text{SF}_6$ ).

Con carácter xeral, teñen cabida neste punto, entre outros: os investimentos tecnolóxicos que supoñan unha redución de emisións á atmosfera de GEI, os investimentos para a mellora da eficiencia enerxética en calquera ámbito da actividade da entidade, así como os investimentos para a substitución do tipo de combustible empregado pola entidade que implique modificacións de equipamentos e/ou instalacións sempre e cando supoñan unha redución de GEI.

De xeito máis específico, son actuacións subvencionables as seguintes:

1. Reducións efectivas de emisións de gases de efecto invernadoiro derivadas da aplicación de plans de cambio climático na organización ou nalgún dos seus produtos.

2. Investimentos en substitución de equipamento e instalacións consumidoras de enerxía por equipamentos e instalacións que utilicen tecnoloxías de alta eficiencia, a mellor tecnoloxía dispoñible ou que supoñan un aproveitamento de enerxías renovables (solar, térmica, fotovoltaica, emprego de biomasa como combustible...), co obxecto de reducir o consumo enerxético e as emisións de  $\text{CO}_2$ .

3. Mellora das instalacións térmicas de calefacción, climatización e produción de auga quente sanitaria nos edificios existentes.

4. Mellora da eficacia enerxética das instalacións de iluminación interior e exterior dos edificios existentes que se renoven, tales como:

– Luminarias, lámpadas e equipamento: substitución do conxunto por outro con luminarias de maior rendemento, lámpadas de maior eficiencia e reactancias electrónicas regulables e que permitan reducir a potencia instalada en iluminación.

– Sistemas de control de acendido e regulación do nivel de iluminación: incluírán aqueles sistemas de control por presenza e regulación do nivel de iluminación segundo o fornecemento de luz natural que supoñan un aforro eléctrico.



– Cambio de sistema de iluminación: relocalización dos puntos de luz con utilización das tecnoloxías anteriores, de forma que se reduza o consumo eléctrico anual respecto ao sistema actual de iluminación.

5. Medidas que teñan por obxecto acadar unha mellora enerxética e unha redución efectiva de emisións baseadas no emprego da coxeración.

6. Investimentos para a substitución ou adaptación do vehículo para o transporte de mercadorías (sempre e cando, tratándose de transporte de mercadorías por estrada, este se realice por conta propia) ou pasaxeiros que supoñan unha redución de emisións polo emprego de enerxías alternativas (tales como gas natural, propano, electricidade).

7. Calquera outra actuación ou investimento relacionado co obxecto deste punto.

a.2) Investimentos que supoñan unha mellora da calidade do aire e/ou unha redución ou mellora na medición das emisións distintas dos GEI.

Para os efectos da presente orde entenderase por:

- Aire: o aire ambiente segundo a definición que del ofrece o Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire, é dicir, o aire exterior da baixa troposfera, excluídos os lugares de traballo.

- Emisións distintas dos GEI: as emisións doutros contaminantes atmosféricos distintos do GEI segundo o establecido no Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire, así como na Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.

En particular, son actuacións subvencionables:

- Os investimentos tecnolóxicos que supoñan unha redución de emisións á atmosfera distinta dos GEI.

- Os investimentos para a mellora da seguridade das plataformas de medicións en focos e a adaptación da sección de medición á Norma UNE-EN 15259: requisitos das seccións e sitios de medición, e para o obxectivo, plan e informe de medición así como os relativos á mellora e adquisición de equipamentos de medición en continua, SAM.

- Calquera outra actuación ou investimento relacionado co obxecto deste punto.





b) Inversións das empresas solicitantes destinados a mellorar o seu comportamento ambiental en materia de xestión e uso sustentable dos recursos e os residuos. Prevense neste punto os investimentos que dean lugar a:

b.1) Unha reutilización de produtos ou materiais empregados.

b.2) Unha redución da cantidade de residuos industriais ou comerciais xerada.

b.3) Unha axeitada separación en orixe dos residuos xerados.

b.4) A reciclaxe ou calquera outra forma de aproveitamento posterior dos residuos xerados pola entidade.

b.5) A introdución de mellores tecnoloxías aplicadas á xestión e uso sustentable dos recursos e dos residuos.

b.6) Calquera outra actuación ou investimento relacionado co obxecto deste punto.

c) Estudos de análise e avaliación de riscos ambientais en instalacións industriais. Inclúense aquí aquelas actuacións relacionadas coa realización de estudos de análise de riscos ambientais en instalacións industriais, de conformidade co disposto polo Real decreto 2090/2008, do 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.

d) A implantación e mantemento no Sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS) segundo o recollido no Regulamento (CE) nº 1221/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á participación voluntaria de organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS), e polo que se derrogan o Regulamento (CE) nº 761/2001 e as decisións 2001/681/CE e 2006/193/CE da Comisión. Serán actuacións subvencionables ao abeiro deste punto:

d.1) Os traballos de consultoría, verificación e validación realizados para a implantación do Sistema de xestión ambiental EMAS e rexistro da entidade solicitante.

d.2) Os traballos de verificación e validación que sexa necesario realizar para a renovación no rexistro cada tres anos, a través da validación da declaración ambiental actualizada.

Cómpre sinalar que, en relación con esta letra d), non se considerarán actuacións subvencionables as medicións, análises e estudos.



e) Auditoría para a determinación da pegada de carbono dun único produto por empresa, incluída a consultoría de determinación e a verificación.

3. As axudas establecidas nesta orde para a realización das actuacións subvencionables descritas neste artigo están sometidas ao réxime *de minimis* nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE (DOUE L379, do 28 de decembro).

Polo tanto, a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte por estrada.

Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas *de minimis*, non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se establece no Regulamento (CE) 104/2000 do Consello, do 17 de decembro de 1999, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e acuicultura.

b) Produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do tratado.

c) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou Estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

d) Carbón, segundo se define no Regulamento (CE) 1407/2002 do Consello, do 23 de xullo de 2002, sobre as axudas estatais á industria do carbón.

e) Empresas en crise.

No suposto das empresas que realicen por conta allea operacións de transporte por estrada, non poderán concederse axudas para a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada.

#### Artigo 5. *Solicitudes e prazos*

1. As solicitudes, segundo modelo normalizado que se xunta como anexo I e acompañadas da documentación que se sinala, deberán ir dirixidas á Secretaría Xeral de Calida-



de e Avaliación Ambiental (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) e poderán ser presentadas en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia mediante sinatura electrónica do/a representante legal da entidade solicitante, tendo que cumprir os requisitos de presentación electrónica que se definen no punto seguinte, en aplicación do establecido no artigo 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Ao Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia accédese a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo electrónico <https://sede.xunta.es>, directamente ou tamén a través do portal [www.xunta.es](http://www.xunta.es)

Os requisitos para a presentación electrónica son os seguintes:

– Será necesario que o/a presentador/a da solicitude sexa a persoa física que posúa a representación legal da entidade solicitante e como tal figure identificado/a nos formularios normalizados de solicitude.

– O/a presentador/a deberá posuír algún dos seguintes certificados:

a) DNI electrónico, conforme o disposto no Real decreto 1586/2009, do 16 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os seus certificados de sinatura electrónica.

b) Certificado electrónico en vigor baixo a Norma X.509 V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, conforme o disposto no Decreto 164/2005, do 16 de xuño.

c) Calquera outro certificado electrónico ou método de identificación admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>)

Os certificados deben ter exclusivamente atributos de persoa física pola que se acredita a vontade da dita persoa física e non serán válidos aqueles certificados electrónicos que ademais están vinculados a persoas xurídicas xa que a vontade da persoa xurídica está limitada nestes certificados a un determinado alcance, por exemplo, para fins tributarios.



2. Será admisible unha única solicitude por empresa, que deberá ter por obxecto unha única actuación subvencionable, en caso contrario excluírase sen máis.

3. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

#### Artigo 6. *Documentación xeral que hai que presentar*

Os interesados na obtención destas axudas deberán presentar, xunto co escrito de solicitude antes referido, a documentación que se sinala a seguir. Cando se presenten a través do Rexistro Electrónico, estes documentos achegaranse en copias dixitalizadas anexadas á solicitude.

##### 1. Acreditación da personalidade:

###### a) Persoas xurídicas:

– Orixinal ou copia compulsada dos estatutos vixentes ou, se e o caso, documentación acreditativa da constitución e da representación correspondente.

– Orixinal ou copia compulsada do documento acreditativo do poder con que actúa o representante en nome da entidade, no caso de que tal poder non conste na certificación antes mencionada.

– Copia compulsada do documento nacional de identidade (DNI) do representante legal da entidade, salvo que no escrito de solicitude se autorice esta Administración para a comprobación da súa identidade de conformidade co establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta o emprego de medios electrónicos (DOG nº 221, do 13 de novembro).

– Copia compulsada da tarxeta de identificación fiscal.



## b) Persoas físicas:

– Copia compulsada do documento nacional de identidade (DNI) do titular ou titulares solicitantes ou do seu representante, se fose o caso, salvo que no escrito de solicitude se autorice esta Administración para a comprobación da súa identidade de conformidade co establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta o emprego de medios electrónicos (DOG nº 221, do 13 de novembro).

2. Declaración segundo modelo que se achega como anexo II en que se faga constar que o solicitante:

- Ten condición de pequena ou mediana empresa, de acordo co estipulado no anexo I do Regulamento CE núm. 800/2008, do 6 de agosto de 2008, sobre a definición de peme (DOUE L 214, do 9.8.2008). No caso que a entidade solicitante teña a consideración de asociada ou vinculada, para os efectos do citado regulamento, deberase xuntar a esta declaración un informe no cal se sinalen os datos e cálculos empregados para a determinación dos requisitos de efectivos e importes financeiros requiridos, de conformidade co establecido nesta disposición comunitaria.

- Non ten a consideración de empresa en crise conforme a definición prevista no artigo 1, número 7, do Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto, da Comisión en relación coas pemes e conforme o disposto no número 2.1 das directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (DOUE C 244, do 1 de outubro de 2004) en relación coas grandes empresas.

3. Declaración, segundo o modelo do anexo III, en que se especifique calquera outra axuda solicitada ou concedida para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes, así como as sometidas á norma comunitaria *de minimis*, recibidas no exercicio corrente e nos dous exercicios fiscais anteriores.

4. Segundo o establecido no parágrafo terceiro do artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a presentación da solicitude polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor destas axudas para solicitar as certificacións de non ter débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



Non obstante o disposto no punto anterior, o solicitante poderá denegar, expresamente, na solicitude, o consentimento para que a Secretaría Xeral solicite dos anteditos órganos a certificación acreditativa de tales requisitos.

Neste caso, abondará con presentar, xunto coa solicitude, unha declaración responsable (anexo IV) de que non se teñen débedas coa Facenda autonómica e de que se está ao día no cumprimento das obrigas fiscais coa Facenda estatal e coa Tesouraría da Seguridade Social, pero antes da proposta de resolución e do pagamento deberá acreditar os devanditos aspectos a través dos respectivos certificados.

#### Artigo 7. *Documentación técnica relativa á actuación obxecto da solicitude*

1. Xunto coa solicitude deberase presentar un proxecto en formato dixital, que deberá conter unha descrición clara das actividades que se van desenvolver, tanto desde o punto de vista técnico como económico, así como os datos e a información requirida para o tipo de actuación ou actuacións para as que se solicita a axuda e segundo o que se sinala a seguir:

a) No caso de investimentos das empresas solicitantes co fin de acadar unha redución das emisións á atmosfera ou unha mellora da calidade do aire:

a.1) Tratándose de investimentos que produzan unha redución efectiva de emisións de gases efecto invernadoiro (GEI), deberase presentar un estudo que, sen superar as 20 páxinas de extensión, conteña os aspectos seguintes:

1) Unha memoria técnica que inclúa, como mínimo, os seguintes puntos:

- Título do proxecto.
- Breve descrición da actividade da entidade solicitante.
- Descrición da actuación que se vai desenvolver para acadar a redución de emisións de GEI.
- Cálculo detallado das emisións de GEI antes e despois da actuación, así como unha comparativa entre a situación inicial (antes do investimento) e a final (unha vez realizado o investimento).



– Referencia expresa ás fórmulas empregadas nos cálculos, así como os factores de emisións e factores de oxidación utilizados e a fonte da cal se obtiveron os ditos factores.

Para proceder ao cálculo de emisións, a entidade solicitante seguirá o especificado no anexo VII desta orde.

– No caso en que a entidade solicitante dispoña dun plan integral de cambio climático en que se inclúa o proxecto obxecto de solicitude, esta deberá achegar copia en formato electrónico do mencionado plan.

– Calendario de prazos e duración do proxecto tendo en conta o período subvencionable a que se refire o artigo 9 desta orde.

2) Orzamento detallado da previsión de gastos subvencionables requiridos desagregado por concepto e prezo unitario.

a.2) No caso de investimentos en materia de calidade do aire e/ou redución de emisións ou mellora na medición das emisións distintas dos GEI, será preciso presentar un estudo que, sen superar as 20 páxinas de extensión, conteña:

1) Memoria técnica que incluirá, como mínimo, os seguintes puntos:

–Título do proxecto.

– Breve descrición do proxecto que se vai realizar indicando a redución das emisións distintas dos GEI, expresadas en quilogramos/ano e realizando unha comparativa entre a situación inicial (antes do investimento) e a final (unha vez realizado o investimento).

– Se é o caso, cando o proxecto para o que se solicita a subvención garde relación coa mellora da seguridade das plataformas de medicións en focos e a adaptación da sección de medición á Norma UNE-EN 15259, achegarase xustificación do cumprimento das medidas de seguridade para o acceso á plataforma de mostraxe de acordo coa normativa de prevención de riscos laborais en vigor, mediante certificado emitido polo servizo de prevención alleo ou o propio da empresa así como xustificación realizada por un organismo de control autorizado pola Xunta de Galicia de que a sección de medida se axusta á Norma UNE-EN 15259: requisitos das seccións e sitios de medición e para o obxectivo, plan e informe de medición.



– Cronograma e duración do proxecto tendo en conta o período subvencionable a que se refire o artigo 9 desta orde.

2) Orzamento detallado da previsión de gastos subvencionables requiridos.

b) En materia de xestión dos recursos e dos residuos, os proxectos deberán recoller un estudo que, sen superar as 20 páxinas de extensión, conteña:

1) Memoria técnica que incluírá, como mínimo, os seguintes puntos:

– Título do proxecto.

– Breve descrición do proxecto.

– Identificación do centro onde se vai realizar a actuación.

– Cronograma e duración do proxecto tendo en conta o período subvencionable a que se refire o artigo 9 desta orde.

– Epígrafe na que se sinala o procedemento ou sistema que permita efectuar un seguimento e avaliación dos obxectivos propostos e/ou facer unha comparativa entre a situación de partida e a existente unha vez realizado o investimento para o que se solicita a axuda.

2) Orzamento detallado da previsión de gastos subvencionables requiridos.

c) No tocante aos estudos de análise e avaliación de riscos ambientais en instalacións industriais, presentarase unha análise, de non máis 20 páxinas de extensión, realizada polo operador ou un terceiro contratado por este, seguindo o esquema da Norma UNE 150.008 ou outras equivalentes, que deberá recoller o seguinte:

1) Memoria técnica que incluírá, como mínimo, os seguintes puntos:

– Identificación do responsable técnico da elaboración do estudo.

– Informe que indique claramente a situación da empresa, con mapas, coordenadas UTM, diagrama de procesos, distancia a espazos naturais próximos e distancia a cursos ou masas de auga.





– Identificación dos potenciais axentes causantes de dano, indicando a magnitude (cantidade almacenada, producida ou manipulada, volume...) e perigosidade destes:

Axente causante do dano	Biolóxico	OMG
		Especies exóticas
		Virus e bacterias
		Fungos e insectos
	Físico	Extracción
		Vertedura de inertes
		Temperatura
	Químico	COV haloxenados
		COV non haloxenados
		COSV haloxenados
		COSV non haloxenados
		Fueis e CONV
		Substancias inorgánicas
		Explosivos
	Incendio	

– Identificación dos potenciais recursos naturais afectados.

Recurso natural afectado	Auga	Mariña	
		Continental	Superficial
			Subterránea
	Leito de augas continentais		
	Leito do mar		
	Solo		
	Ribeira do mar e das rías		
	Hábitat	Arboredo	
		Matogueira	
		Herbal	
	Especies	Vexetais protexidas	Arboredo
			Matogueira
			Herbal
		Animais	Ameazados
			Non ameazados



– Cronograma e duración do proxecto tendo en conta o período subvencionable a que se refire o artigo 9 desta orde.

2) Orzamento detallado da previsión de gastos subvencionables requiridos.

d) Para a implantación e mantemento no Sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS) será necesaria a presentación dun estudo que non supere as 20 páxinas de extensión que recolla:

1) Unha memoria técnica explicativa da acción que se vai desenvolver e que, como mínimo, inclúa os puntos seguintes:

– Avaliación ambiental da instalación.

– Política ambiental que se vai seguir (compromiso de mellora continuada, prevención da contaminación e conformidade regulamentaria).

– Cronograma que detalle os pasos que se van seguir tendo en conta o período subvencionable a que se refire o artigo 9 desta orde.

– Indicación expresa de posesión dalgún sistema de xestión ambiental. No caso da ISO 14001, xuntarase copia compulsada do certificado acreditativo emitido pola correspondente entidade de certificación.

– Beneficios ambientais esperados.

2) Orzamento detallado cos gastos subvencionables requiridos.

3) Breve descrición da actividade principal da empresa indicando a epígrafe segundo a Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE) referida á dita actividade.

e) Para a determinación da pegada en produto será necesaria a presentación de:

1) Un estudo que non supere as 20 páxinas de extensión, que conteña:

– Título do proxecto.

– Breve descrición do estudo, no cal se identifique o produto e o seu peso no conxunto da actividade empresarial.



– Especificación expresa dos parámetros de valoración establecidos no artigo 10, letra e).

– Avaliación ambiental da instalación.

– Política ambiental que se vai seguir (compromiso de mellora continuada, prevención da contaminación e conformidade regulamentaria) con indicación expresa da elaboración, se é o caso, por parte da entidade solicitante, dun plan integral de cambio climático e resumo deste.

– Cronograma que detalle os pasos que se van seguir tendo en conta o período subvencionable a que se refire o artigo 9 desta orde.

2) Orzamento detallado cos gastos subvencionables requiridos.

2. Para os efectos do establecido no artigo 15, en relación coa xustificación da axuda outorgada, deberase ter en conta, se é o caso, na elaboración do orzamento presentado o custo que derivaría da conta xustificativa con informe de auditor, en particular, polo que se refire á súa subvencionabilidade segundo o sinalado no artigo 13, número 3º destas bases reguladoras.

3. Así mesmo, ademais do sinalado con anterioridade, a entidade solicitante deberá remitir calquera outra documentación que considere oportuna para os efectos do establecido no artigo 10 desta orde, co fin de que a comisión de avaliación poida avaliar o cumprimento ou non dos criterios fixados para a valoración e prelación das solicitudes presentadas.

#### Artigo 8. *Procedemento de concesión*

O procedemento que se empregará para a concesión das axudas será o de concorrencia competitiva previsto no artigo 19, número 1º, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 9. *Período subvencionable e contía das axudas*

1. O período subvencionable para a convocatoria que se abre por medio desta orde abarcará os gastos relativos ás actuacións subvencionables a que se refire o artigo 4 realizados pola entidade solicitante:

– Entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2013, ambos inclusive, para as seguintes actuacións subvencionables:

• Investimentos das empresas solicitantes co fin de acadar unha redución das emisións á atmosfera ou unha mellora da calidade do aire (artigo 4, número 2º, letra a).



- Investimentos das empresas solicitantes destinados a mellorar o seu comportamento ambiental en materia de xestión e uso sustentable dos recursos e os residuos (artigo 4, número 2º, letra b).

- Estudos de análise e avaliación de riscos ambientais en instalacións industriais (artigo 4, número 2º, letra c).

- Auditoría para a determinación da pegada de carbono en produto (artigo 4, número 2º, letra e).

– Entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2013, ambos inclusive, no tocante ás actuacións para:

- Implantación e mantemento no Sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental-EMAS (artigo 4, número 2º, letra d).

2. As contías das subvencións para as distintas liñas de axudas que se vai outorgar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas serán as seguintes:

a) Para investimentos das empresas solicitantes co fin de acadar unha redución das emisións á atmosfera e mellora da calidade do aire:

– Ata un 80 % dos custos totais subvencionables do proxecto cun límite máximo de 150.000 €.

b) Para investimentos das empresas solicitantes destinadas á xestión dos recursos e dos residuos:

– Ata un 80 % dos custos totais subvencionables do proxecto cun límite máximo de 150.000 €.

c) Para a realización dos estudos de análise e avaliación de riscos ambientais en instalacións industriais:

– Ata un 60 % do custo da análise de risco ambiental, cun límite máximo de 10.000 €.



d) Para a implantación e mantemento do Sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS):

– Ata un 60 % do custo da implantación e verificación para os beneficiarios que realicen a implantación e inscrición no Sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental, sempre que non partan dunha Norma ISO 14.001 ou supoña unha ampliación do ámbito ou alcance do Sistema de xestión e auditoría ambientais, cos seguintes límites en función dos criterios de valoración fixados no artigo 10:

- Ata 40 puntos: 3.000 euros.
- Entre 41 e 80 puntos: 4.000 euros.
- Máis de 80 puntos: 5.000 euros.

– Ata un 60 % do custo da implantación e verificación cando a entidade parta dunha Norma ISO 14.001 ou supoña unha ampliación do ámbito ou alcance do sistema de xestión e auditoría ambientais, así como cando se trate de verificación para a renovación do rexistro, cos seguintes límites en función dos criterios de valoración fixados no artigo 10:

- Ata 30 puntos: 1.000 euros.
- Entre 31 e 65 puntos: 2.000 euros.
- Máis de 65 puntos: 3.000 euros.

e) Para a auditoría que teña por obxecto a determinación da pegada de carbono en produto, cun límite dunha pegada de produto por empresa, ata un máximo do 60 % de gasto subvencionable, sempre que a contía máxima da axuda non supere os 10.000 euros, incluídos os gastos de consultoría para a súa determinación e verificación.



### Artigo 10. *Criterios de valoración*

1. A comisión de avaliación, a que se refire o artigo 11 desta orde, valorará as solicitudes presentadas aplicando os criterios e puntuacións que a seguir se sinalan para cada un dos grupos de actuacións subvencionables previstos:

a) No caso de investimentos das empresas solicitantes co fin de acadar unha redución das emisións á atmosfera ou unha mellora da calidade do aire:

a.1) Tratándose de investimentos que produzan unha redución efectiva de emisións de gases efecto invernadoiro (GEI):

1) Pola eficiencia da redución que implique o proxecto (considerando as emisións de GEI por euro investido): ata 30 puntos.

2) Polas características do proxecto, en particular pola inclusión do proxecto ou actuación proposta nun plan integral de cambio climático ou pola súa coherencia e/ou contribución á realización dos obxectivos e prioridades establecidas nesta materia, así como o grao de aplicabilidade da acción noutras empresas ou ámbitos de actuación: ata un máximo de 20 puntos.

3) Pola redución absoluta, cuantificada en toneladas equivalentes de CO<sub>2</sub>, que derivaría da execución do proxecto: ata 20 puntos.

4) Tratándose de proxectos presentados por empresas que acrediten dispor dun sistema de xestión e auditoría ambientais: 10 puntos no caso de EMAS e 5 puntos tratándose da ISO 14001.

a.2) No caso de investimentos que supoñan unha mellora da calidade do aire e/ou unha redución das emisións ou mellora na medición das emisións distintas dos GEI:

1) Pola eficiencia da redución que implique o proxecto (considerando as emisións de non GEI por euro investido) así como, se é o caso, a mellora na representatividade das medicións e na seguridade de levalas a cabo: ata 40 puntos.

2) Polas características do proxecto, en particular, pola súa calidade, coherencia e/ou contribución á realización dos obxectivos e prioridades establecidas nesta materia, así como o grao de aplicabilidade da acción noutras empresas ou ámbitos de actuación: ata un máximo de 20 puntos.



3) Polo cambio de tecnoloxía ou produtos que supoña unha redución de, polo menos, un 80 % das emisións distintas dos GEI, expresadas en quilogramos/ano: ata 10 puntos.

4) Tratándose de proxectos presentados por empresas que acrediten dispor dun sistema de xestión e auditoría ambientais: 10 puntos no caso de EMAS e 5 puntos tratándose da ISO 14001.

b) Tratándose de investimentos das empresas solicitantes en materia de xestión dos recursos e dos residuos:

1) Por proxectos que impliquen unha redución do perigo ou da cantidade de residuos industriais ou comerciais xerados ou que prioricen a reutilización, redución en orixe ou a reciclaxe: ata un máximo de 20 puntos.

2) Polo grao de interese do proxecto presentado, en función do beneficio producido e/ou contribución á realización das prioridades e obxectivos fixados polo actual marco normativo (en particular pola Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia; DOG nº 174, do 18 de novembro): ata 20 puntos.

3) Tendo en conta a viabilidade ou continuidade do proxecto ou actuación para a que se solicita a axuda, así como a súa aplicabilidade a outras empresas ou sectores: ata 20 puntos.

4) Atendendo ao carácter innovador do proxecto ou actuación presentada: ata 10 puntos.

5) Tratándose de proxectos presentados por empresas que acrediten dispor dun sistema de xestión e auditoría ambientais: 10 puntos no caso de EMAS e 5 puntos tratándose da ISO 14001.

c) Para a realización dos estudos de análise e avaliación de riscos ambientais en instalacións industriais:

1) Pola magnitude e perigosidade dos axentes causantes de dano: ata un máximo de 40 puntos.

2) Polo grao de afección ao hábitat natural: ata un máximo de 10 puntos.

3) Polo grao de afección ao solo, leito do mar e augas continentais, e ribeira do mar e das rías: ata un máximo de 10 puntos.



4) Polo grao de afección ás especies: ata un máximo de 10 puntos.

5) Polo grao de afección á auga: ata un máximo de 10 puntos.

6) Pola a coherencia, calidade e claridade do proxecto así como pola proporcionalidade do orzamento en relación coa actuación proposta: ata un máximo de 10 puntos.

d) Para a implantación e mantemento do Sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS):

d.1) Tratándose de actuacións encamiñadas á implantación e rexistro no Sistema comunitario de xestión:

i) Atendendo ao proceso produtivo da organización e á súa afección ao ambiente:

1. No caso dunha empresa incluída no anexo I da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control da contaminación; no anexo III da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, que desenvolva actividades catalogadas como tipo A ou B no anexo IV da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera ou que sexa xestor de residuos, de acordo co establecido no artigo 3.n) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados: ata 30 puntos.

2. Tratándose dunha empresa que, sen resultarlle de aplicación o anterior, estivese incluída no ámbito de aplicación do Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios estándares para a declaración de solos contaminados, que sexa produtora de residuos perigosos, de acordo co establecido no artigo 3.e) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, e que non teña a consideración de pequeno produtor de residuos perigosos, de acordo co establecido no artigo 22 do Real decreto 833/1988, do 20 de xuño, ou que poida ser considerada como envasadora, para os efectos do establecido no artigo 2, número 12, da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases: ata 20 puntos.

3. No caso de empresas que, non estando incluídas en ningún dos dous puntos anteriores, fosen susceptibles de ocasionar outras afeccións ao ambiente: ata 5 puntos.





ii) Atendendo á epígrafe en que se encontra incluído o solicitante, de acordo co Real decreto 475/2007, do 13 de abril, polo que se aproba a Clasificación nacional de actividades económicas 2009 (CNAE-2009):

- Epígrafes A a G e Q do CNAE: 30 puntos.
- Epígrafes H a N do CNAE: 20 puntos.
- Epígrafes O, P, R, S, T e U do CNAE: 10 puntos.

iii) Pola a coherencia, calidade e claridade do proxecto, así como pola proporcionalidade do orzamento en relación coa actuación proposta: ata un máximo de 20 puntos.

iv) Atendendo ao número de traballadores da entidade xustificado mediante a presentación dos últimos boletíns de cotización á Seguridade Social, modelos TC1 e TC2: 0,5 puntos por cada traballador, ata un máximo de 10 puntos.

v) Tratándose de proxectos presentados por empresas que acrediten dispor dun sistema ISO 14001: 5 puntos.

d.2) Cando se trate de actuacións dirixidas á renovación da inscrición no rexistro EMAS:

i) 5 puntos por cada ano de antigüidade transcorrido desde a implantación do Sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais, ata un máximo de 30 puntos.

ii) Atendendo á epígrafe en que se encontra incluído o solicitante, de acordo co Real decreto 475/2007, do 13 de abril, polo que se aproba a Clasificación nacional de actividades económicas 2009 (CNAE-2009):

- Epígrafes A a G e Q do CNAE: 30 puntos.
- Epígrafes H a N do CNAE: 20 puntos.
- Epígrafes O, P, R, S, T e U do CNAE: 10 puntos.

iii) Pola a coherencia, calidade e claridade do proxecto, así como pola proporcionalidade do orzamento en relación coa actuación proposta: ata un máximo de 20 puntos.



e) Cando se trate de actuacións dirixidas á realización dunha auditoría para a determinación da pegada de carbono en produto:

i) Atendendo ao proceso produtivo da organización e a súa afección ao ambiente, aplícaranse os mesmos criterios de valoración que os sinalados anteriormente no punto d.1), letras i, iii e iv.

ii) Pola existencia dunha política ambiental e/ou dun plan integral de cambio climático: ata 5 puntos.

2. Cando a solicitude de axuda vaia referida a unha actuación incluída nas letras a), b), c) ou e) do artigo 4, número 2º, os proxectos presentados por empresas que acrediten, mediante certificación da entidade verificadora correspondente, dispor dun sistema de xestión e auditoría ambientais sumarán 10 puntos, no caso de EMAS, e 5 puntos, tratándose da ISO 14001.

3. Por outra banda, valoraranse ata un máximo de 5 puntos os proxectos presentados por empresas que acrediten a posta en marcha de políticas que contribúan á promoción da igualdade entre homes e mulleres, á eliminación de todas as formas de discriminación de xénero así como á conciliación da vida laboral e familiar.

4. Á vista das solicitudes recibidas, a comisión de avaliación poderá acordar a agrupación dos proxectos recibidos, atendendo aos grupos de actuacións subvencionables a que se refire o artigo 4 desta orde e asignando a cada grupo unha porcentaxe do crédito, así como a fixación dunha puntuación mínima para acceder á obtención das axudas, o que se fará constar de xeito motivado na acta en que se propoñan as axudas concedidas e os criterios empregados.

5. Para aqueles elementos de valoración que requiran ser acreditados, como poden ser a implantación na empresa solicitante dun sistema de xestión ambiental, a súa antigüidade ou a existencia de políticas de igualdade, deberase presentar a documentación xustificativa pertinente, orixinal ou copia compulsada, que permita constatar o seu cumprimento. De non presentar a dita documentación, non se terán en conta eses criterios á hora de efectuar a súa valoración.



Artigo 11. *Tramitación e resolución*

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como órgano instrutor do procedemento, revisará as solicitudes recibidas e a documentación presentada. No caso de estar incompleta, conter erros ou non presentar toda a necesaria, requirirase o solicitante para que, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da recepción do requirimento, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, indicándolle que, se non o fixese, se poderá considerar desistido da súa petición, arquivándoa sen máis trámites, de acordo co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo resolución que para o efecto se dite.

As solicitudes xunto coa documentación completa requirida serán postas á disposición dunha comisión de avaliación para a súa valoración e informe, segundo os criterios establecidos no artigo 10 desta orde, do cal elevarán a correspondente proposta de resolución.

No caso de consideralo oportuno, e con anterioridade á elaboración da proposta de resolución, poderase solicitar informe das distintas subdireccións xerais da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental con competencias nas materias obxecto destas axudas.

A comisión de avaliación estará presidida polo titular da Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental, ou persoa en que delegue, e integrada polos titulares das subdireccións xerais de Residuos e Solos Contaminados, de Avaliación Ambiental e de Meteoroloxía, ou persoas en que deleguen, e actuará como secretario o titular do Servizo de Xestión Ambiental.

O prazo para resolver e notificar será de seis meses desde a publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Toda vez que as axudas establecidas nesta orde están sometidas ao réxime *de minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE (DOUE L379, do 28 de decembro), esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión da subvención.

Notificada a resolución da concesión da axuda, os beneficiarios disporán de dez días para a aceptación da axuda. Transcorrido este sen que se producise manifestación expresa entenderase aceptada tacitamente.



Transcorrido o prazo para resolver e notificar sen que o interesado recibise comunicación expresa, entenderanse desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo, conforme prevé o artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 42 e 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 12. *Recursos*

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes se o acto fose expreso, ou no prazo de tres meses se non o fose, consoante dispoñen os artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; ou ben poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución fose expresa, ou de seis meses se non o fose, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 13. *Gastos subvencionables*

1. Serán gastos subvencionables para os efectos das axudas previstas nesta orde aqueles que cumpran o establecido na Orde EHA/524/2008, do 26 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Cohesión (BOE nº 53, do 1 de marzo).

2. En particular, non serán gastos subvencionables os seguintes:

– Os gastos non xustificadas correctamente ou que non sexan obxecto de subvención, así como os gastos non imputables ao investimento.

– O imposto sobre o valor engadido, así como calquera outro imposto de natureza similar que sexa recuperable. Tampouco se subvencionarán os impostos persoais ou sobre a renda.

– Os gastos financeiros derivados do investimento.

– No tocante a terreos e bens inmobles, serán subvencionables as adquisicións de terreos e de bens inmobles en que exista unha relación directa entre a compra e os obxecti-



vos do proxecto. Non será subvencionable a adquisición de terreos por importe superior ao 10 % do gasto total subvencionable. En todo caso, o importe subvencionable non poderá superar o valor de mercado dos terreos e dos bens inmobles, aspecto que deberá acreditarse mediante certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.

– Os gastos de persoal propio.

– Respecto dos bens de equipamento de segunda man, estes non serán subvencionables cando non se cumpran os requisitos seguintes:

- Que conste unha declaración do vendedor sobre a orixe dos bens e sobre que estes non foron obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria.

- O prezo non poderá ser superior ao valor de mercado e deberá ser inferior ao custo dos bens novos similares, acreditándose estes aspectos mediante certificación de taxador independente.

– Así como todos aqueles gastos que figuren no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como non subvencionables.

3. Os gastos derivados da elaboración do informe de auditor, no caso de que de conformidade co sinalado no artigo 15 a entidade veña obrigada á súa realización, terán a consideración de gastos subvencionables ata un máximo de 1.500 euros por axuda concedida e sempre e cando este custo figure incluído no orzamento presentado coa solicitude de axuda e a entidade non estea obrigada a auditar as súas contas anuais.

4. As entidades solicitantes poderán subcontratar a totalidade da actuación subvencionable, de conformidade co disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 50.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 18.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non



exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude.

#### Artigo 14. *Publicidade das axudas*

1. Coa finalidade de garantir o cumprimento dos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación, de conformidade co previsto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obxecto de publicación do *Diario Oficial de Galicia* as axudas outorgadas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario a que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

2. Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 13, número 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, expresando, así mesmo, a convocatoria, o programa e o crédito orzamentario o que se imputen e a finalidade da subvención, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

3. Non será necesaria a publicación nos supostos previstos no artigo 15.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos no suposto previsto na letra d) do parágrafo 2 do devandito artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. De conformidade co artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios deberán dar publicidade da subvención concedida en toda actividade relacionada co obxecto da subvención.

5. As resolucións de concesión da subvención incluíranse no Rexistro Público de Subvencións dependente da Consellería de Facenda, sen prexuízo do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos incorporados a este poderán ser obxecto de rectificación, cancelación e oposición polo interesado.

6. As propostas que resulten seleccionadas pasarán a formar parte da lista pública de beneficiarios prevista nos artigos 6 e 7.2.d) do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006.



### Artigo 15. *Xustificación da subvención*

1. A data límite para dar cumprimento, por parte do beneficiario, á obriga de xustificación da subvención e solicitar o pagamento da subvención outorgada será o 30 de novembro de 2013.

2. A xustificación requirida axustarase a algunha das formas seguintes:

– No caso de subvencións por importe igual ou inferior a 60.000 euros, no seu cómputo individual, mediante conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto.

– No caso de subvencións superiores aos 60.000 euros, no seu cómputo individual, mediante conta xustificativa con entrega de informe de auditor.

3. A conta xustificativa con entrega de xustificantes de gastos, de conformidade co establecido no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), conterá a seguinte documentación:

a) Solicitud de aboamento efectuada polo beneficiario conforme o modelo que se facilita no anexo VI.

b) Memoria de actuacións xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos en relación, se é o caso, cos indicadores de seguimento e avaliación propostos.

c) Esta memoria, xunto coa solicitud de pagamento e a remisión de calquera outro material (fotografías, publicacións etc.) que se considere de interese, acompañarase dunha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión. No caso de que a subvención se outorgue segundo un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.

- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. A data límite das facturas presentadas para a xustificación dos proxectos incluídos nas letras a), b), c) e e) do artigo 4 será o 30 de novembro de 2013. Para as actuacións sinaladas na letra d) do artigo 4, a data límite das facturas será o 30 de xuño de 2013.



- Documentación xustificativa do pagamento: orixinal ou fotocopia compulsada de transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, selados pola entidade financeira. En ningún caso se admitirán xustificantes de pagamento con data posterior á de remate do prazo de xustificación da subvención antes referido.

- Certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles ou bens de equipamento de segunda man.

- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no primeiro punto desta letra c).

- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

- Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario, se é o caso.

d) Unha declaración responsable en que se faga constar que a entidade beneficiaria dispón das licenzas, permisos e/ou autorizacións administrativas exixidas pola normativa para o exercicio da súa actividade, así como, se é o caso, para o desenvolvemento do proxecto subvencionable.

4. A conta xustificativa con entrega de informe de auditor, nos termos do establecido no artigo 50 do Decreto 11/2009, antes citado, e tendo en conta o seguinte:

a) Non eximirá da remisión da documentación requirida para a conta xustificativa con entrega de xustificantes de gastos a que se refire o punto anterior.

b) O informe deberá estar asinado por un auditor inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

Naqueles casos en que o beneficiario estea obrigado a auditar a súas contas anuais por un auditor sometido á Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, a revisión da conta xustificativa levaraa a cabo o mesmo auditor. No caso contrario, a designación do auditor de contas será realizada polo beneficiario e o gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable segundo o recollido no artigo 13, número 3º.





c) No tocante ao seu contido, o informe axustarase ao establecido pola Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvencións, no ámbito do sector público estatal, previsto no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

d) En particular, o auditor incluírá no seu ditame os requisitos básicos relativos ás normas de elixibilidade do gasto financiado co programa operativo Feder Galicia 2007-2013, tales como o cumprimento da Orde EHA/524/2008, do 26 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables polo Feder, así como a confirmación de que os gastos se realizaron e se aboaron dentro do período subvencionable establecido.

5. Ademais do sinalado, para a solicitude do aboamento da axuda o beneficiario deberá achegar:

a) Declaración responsable en que se sinale o número de conta do beneficiario onde se debe realizar o pagamento.

b) No caso de que resulte procedente, achegaranse tamén certificacións de non ter débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

c) Documentación xustificativa de ter subcontratado algunha parte ou a totalidade da actuación subvencionable, no caso que a entidade beneficiaria tivese exercido tal posibilidade.

d) Documentación xustificativa (fotografías, publicacións, folletos, enderezos na internet, entre outra posible) do cumprimento, por parte do beneficiario da axuda, das obrigas de información e publicidade comunitaria a que se refire o artigo 19, número 5º.

6. Tratándose de axudas concedidas para a implantación ou mantemento do Sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS), en concreto no caso de traballos de consultoría, verificación e validación realizados para a implantación e rexistro no Sistema de xestión ambiental EMAS, requirírase, así mesmo, que a entidade solicitante acompañe todo o anterior dunha copia da solicitude de inscrición no Rexistro Galego de Centros Adheridos ao Sistema de xestión e auditoría ambientais, así como dunha declaración de compromiso (anexo V) de manterse no devandito rexistro durante un período mínimo de tres



anos. Esta declaración de compromiso (anexo V) tamén será exigible naqueles proxectos subvencionados que tivesen por obxecto a renovación no rexistro.

7. Cando se trate de actuacións dirixidas á realización dunha auditoría para determinación da pegada de carbono en produto, copia do estudo subvencionado, programa de redución de emisións baseado na pegada de carbono e verificación desta.

#### Artigo 16. *Pagamento da axuda*

O pagamento das axudas efectuarase anualmente, con cargo ao exercicio que corresponda, unha vez efectuado o investimento ou realizado o gasto ou actividade e logo da presentación por parte da entidade beneficiaria, no prazo establecido, da documentación xustificativa a que se refire o artigo anterior.

Cando o custo xustificado da actividade ou investimento fose inferior ao que figura na resolución de concesión, manterase a axuda pero diminuírase proporcionalmente o seu importe, sempre que coa parte realmente executada se poida entender cumprida a finalidade da subvención.

#### Artigo 17. *Modificación da resolución*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 18. *Incumprimento e procedemento de reintegro*

O incumprimento das obrigas asumidas polo beneficiario implicará o reintegro do importe percibido, xunto cos xuros de demora devindicados desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en particular nos seguintes:

a) Incumprimento da obriga da xustificación ou xustificación insuficiente.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impedisen.



c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo que fundamentou a concesión da subvención.

d) Incumprimento das condicións impostas a entidade beneficiaria con motivo da concesión da subvención ou axuda.

e) En xeral, cando se incumpra algunha das obrigas establecidas nesta orde, na resolución de concesión ou nos demais supostos recollidos na normativa reguladora das subvencións.

#### Artigo 19. *Obrigas dos beneficiarios*

1. As actuacións subvencionadas deberán estar rematadas:

• O 30 de novembro de 2013, as incluídas nos seguintes puntos do artigo 4 da orde:

– Investimentos das empresas solicitantes co fin de acadar unha redución das emisións á atmosfera ou unha mellora da calidade do aire (artigo 4, número 2º, letra a).

– Investimentos das empresas solicitantes destinados a mellorar o seu comportamento ambiental en materia de xestión e uso sustentable dos recursos e os residuos (artigo 4, número 2º, letra b).

– Estudos de análise e avaliación de riscos ambientais en instalacións industriais (artigo 4, número 2º, letra c).

– Auditoría para a determinación da pegada de carbono de produto (artigo 4, número 2º, letra e).

• O 30 de xuño de 2013 as incluídas no seguinte punto do artigo 4 da orde:

– Implantación e mantemento no Sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental-EMAS (artigo 4, número 2º, letra d).

2. Os beneficiarios das axudas reguladas por esta orde manterán unha separación contable axeitada para os gastos relacionados coa axuda, que facilite o seguimento e control da subvención outorgada, así como a pista de auditoría.

3. Deberán conservar a documentación por un período de tres anos a partir do peche do programa operativo en que se incardinan estas axudas, tal como se define no artigo 89, número 3, do Regulamento 1083/2006 do Consello.



4. Segundo o establecido no artigo 15, número 3º, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda actividade, investimento ou material (incluído o que se difunda de maneira electrónica ou empregando medio audiovisuais) que se realice contando co financiamento obtido a partir destas axudas deberá incluír expresamente a colaboración da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, así como a imaxe da identidade corporativa deste departamento de acordo coas normas gráficas aprobadas para o efecto e que se poden consultar no enderezo web: <http://www.xunta.es/inicio-identidade-corporativa>

5. Así mesmo, como beneficiario dunha axuda cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2007-2013, este deberá cumprir as obrigas de información e publicidade comunitaria establecidas nos artigos 8 e 9 do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, modificado polo Regulamento (CE) nº 846/2009 da Comisión, do 1 de setembro de 2009.

a) Segundo o exixido nesta disposición comunitaria, o beneficiario vén obrigado ao seguinte:

– No caso que a actuación consista nunha infraestrutura o en traballos de construción, deberá colocar un cartel no lugar durante o tempo en que esta se desenvolva que deberá incluír a información a que se refire a letra b) seguinte.

– Ao remate da actuación subvencionada e no caso que esta consista na compra dun obxecto físico, no financiamento dunha infraestrutura ou en traballos de construción, deberá colocar unha placa explicativa permanente ou adhesivo explicativo, visible e de tamaño tal que permita a inserción do tipo e nome da actuación así como a información que se sinala na letra b) seguinte.

b) As medidas de información e publicidade sinaladas deberán incluír os elementos seguintes e que deberán ocupar, como mínimo, o 25 % da placa ou cartel:

– O emblema da Unión Europea, de conformidade coas normas gráficas establecidas no Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, modificado polo Regulamento (CE) nº 846/2009, da Comisión, do 1 de setembro de 2009, e que se poden consultar no seguinte enderezo: [http://europa.eu/abc/symbols/emblem/graphics1\\_es.htm](http://europa.eu/abc/symbols/emblem/graphics1_es.htm)

– A referencia ao fondo comunitario que cofinancia, neste caso coa mención específica de «Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional».



– A lenda seguinte: «Unha maneira de facer Europa».

Poden descargarse exemplos do anterior e na liña do que se facilita a seguir na páxina da Consellería de Facenda:

<http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/logos-comunitarios>



6. No caso dos beneficiarios de axudas para a implantación e mantemento no EMAS, estes están obrigados a manter en vigor o Sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental e o seu correspondente rexistro durante un período mínimo de cinco anos.

7. A percepción definitiva da axuda concedida ao abeiro desta convocatoria vén condicionada ao mantemento, durante un prazo de tres anos, das circunstancias iniciais tidas en conta para o seu outorgamento e á inexistencia de modificacións substanciais que afecten a natureza do investimento, ao cesamento da actividade ou os postos de traballo.

#### Artigo 20. *Información e control*

Os solicitantes e beneficiarios quedan sometidos ás actuacións de comprobación e control efectuadas polo órgano competente para resolver, así como ás de control financeiro desenvolvidas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, segundo o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ademais, deberanlle facilitar á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental toda a información e documentación complementaria que esta considere precisa para a concesión ou aboamento do importe da subvención.

#### Artigo 21. *Financiamento*

As axudas convocadas ao abeiro desta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.541D.770 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia



para o ano 2013, ata un importe máximo de 2.417.906 €, e queda condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas nos citados orzamentos.

De xeito motivado e para os efectos de dar cobertura financeira ao número de solicitudes presentadas poderase acordar, segundo as dispoñibilidades orzamentarias do momento, o incremento do crédito inicial establecido nesta convocatoria, tramitando o oportuno expediente orzamentario de xeración, ampliación ou incorporación de crédito, axustándose en todo o previsto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 22. *Compatibilidade das axudas*

As axudas que se concedan ao abeiro desta orde terán a consideración de axudas *de minimis* e réxense polo establecido no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOCE nº 379, do 28 de decembro). A axuda total concedida baixo este concepto *de minimis* por calquera Administración pública a un mesmo beneficiario non poderá exceder de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais. No sector do transporte por estrada este importe non será superior a 100.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.

Estas axudas serán compatibles con outras que, para a mesma finalidade, concedan outras administracións públicas sempre e cando estas últimas non estean cofinanciadas tamén polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, por calquera outro fondo ou instrumento financeiro comunitario e o importe total das axudas non supere, illadamente ou conxuntamente con outras, nin o custo elixible do proxecto, de acordo coa normativa sobre gastos subvencionables nin o custo total da actividade que se vaia desenvolver.

No caso de actuacións ás cales lles resulte de aplicación algún regulamento comunitario de exención por categorías, en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE, as subvencións outorgadas ao abeiro desta orde non poderán acumularse con outras axudas se isto dá lugar a unha intensidade de axuda superior á permitida pola normativa comunitaria.

#### Artigo 23. *Infraccións e sancións*

O réxime de infraccións e sancións aplicable ao establecido nesta orde é o previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



O procedemento sancionador será o establecido no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Disposición derradeira primeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira segunda

Delégase no secretario xeral técnico da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o exercicio da competencia para conceder ou denegar as axudas obxecto desta orde consonte o disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2013

Agustín Hernández Fernández de Rojas  
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas





**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

**ANEXO I**

PROCEDIMENTO <b>AXUDAS ÁS PEMES PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DESTINADAS Á PREVENCIÓN, PROTECCIÓN, MELLORA E COÑECEMENTO AMBIENTAL</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MT984B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO/DA SOLICITANTE**

PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA  NIF

ACTIVIDADE  CNAE

ENDEREZO  LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO

TELÉFONO  FAX  ENDEZEZO ELECTRÓNICO

**E, na súa representación,**

NOME  PRIMER APELLIDO  SEGUNDO APELLIDO  NIF

TELÉFONO  CARGO  CORREO ELECTRÓNICO

**ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)**

ENDEREZO  LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO

TELÉFONO  FAX  ENDEZEZO ELECTRÓNICO

**SOLICITA SUBVENCIÓN PARA:**

*(\*) Será admisible unha única solicitude por empresa que deberá ter por obxecto unha única actuación subvencionable das sinaladas con recadro, en caso contrario excluírase sen máis.*

**Investimentos que produzan unha redución efectiva de emisións de gases efecto invernadoiro (GEI) considerados polo Protocolo de Quioto (CO<sub>2</sub>, CH<sub>4</sub>, N<sub>2</sub>O, HFC, PFC, SF<sub>6</sub>) (\*).**

- Reducións efectivas de emisións de gases de efecto invernadoiro derivadas da aplicación de plans de cambio climático na organización ou nalgún dos seus produtos.
- Investimentos en substitución de equipamentos e instalacións consumidoras de enerxía por equipamentos e instalacións que utilicen tecnoloxías de alta eficiencia, a mellor tecnoloxía dispoñible ou que supoñan un aproveitamento de enerxías renovables (solar, térmica, fotovoltaica, emprego de biomasa como combustible ...), co obxecto de reducir o consumo enerxético e as emisións de CO<sub>2</sub>.
- Mellora das instalacións térmicas de calefacción, climatización e produción de auga quente sanitaria nos edificios existentes.
- Mellora da eficacia enerxética das instalacións de iluminación interior e exterior dos edificios existentes que se renoven.
- Medidas que teñan por obxecto acadar unha mellora enerxética e unha redución efectiva de emisións baseadas no emprego da coxeneración.
- Investimentos para a substitución ou adaptación do vehículo para o transporte de mercadorías (sempre e cando, tratándose de transporte de mercadorías por estrada, este se realice por conta propia) ou pasaxeiros que supoñan unha redución de emisións polo emprego de enerxías alternativas (tales como gas natural, propano, electricidade).
- Calquera outra actuación ou investimento relacionado co obxecto deste punto. Indicar:

**Investimentos que supoñan unha mellora da calidade do aire e/ou unha redución ou mellora na medición das emisións distintas dos GEI (\*).**

- Investimentos tecnolóxicos que supoñan unha redución de emisións á atmosfera distintas dos GEI.
- Investimentos para a mellora da seguridade das plataformas de medicións en focos e a adaptación da sección de medición á Norma UNE-EN 15259: requisitos das seccións e sitios de medición e para o obxectivo, plan e informe de medición, así como os relativos á mellora e adquisición de equipamentos de medición en continua, SAM.
- Outra actuación ou investimento relacionado co obxecto deste punto. Indicar:

CVE-DOG: wieg94m3-sk36-weg0-uno5-fgw4cjdjgh45





ANEXO I  
(continuación)**Investimentos das empresas solicitantes destinados a mellorar o seu comportamento ambiental en materia de xestión e uso sustentable dos recursos e os residuos (\*):**

- Reutilización de produtos ou materiais empregados.
- Redución da cantidade de residuos industriais ou comerciais xerada.
- Separación en orixe dos residuos xerados.
- Reciclaxe ou calquera outra forma de aproveitamento posterior dos residuos xerados pola entidade.
- Introducción de melloras tecnoloxías aplicadas á xestión e uso sustentable dos recursos e dos residuos.
- Outra actuación ou investimento relacionado co obxecto deste punto. Indicar:

**Análise e avaliación de riscos ambientais en instalacións industriais.**

- Realización dun estudo de análise de riscos ambientais en instalacións industriais.

**Implantación e mantemento no Sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS).**

- Implantación do Sistema de xestión ambiental EMAS e rexistro da entidade solicitante.
- Renovación no rexistro cada tres anos, a través da validación da declaración ambiental actualizada.

**Pegada de carbono en produto.**

- Determinación da pegada de carbono en produto (co límite dunha pegada de produto por empresa).

**DECLARA QUE:**

A esta solicitude xúntaselle a documentación que se especifica no reverso.

A empresa solicitante non está incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que a imposibilitaría para ser beneficiaria destas axudas.

Asume as obrigas que lle veñen impostas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as derivadas da presente orde.

Autorizo a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI, de conformidade co artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, para a obtención do certificado da Tesouraría Xeral da Seguridade Social de estar ao día das obrigas fronte á Seguridade Social.

SI  NON

Autorizo a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI, de conformidade co artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, para a obtención do certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria de estar ao día das obrigas tributarias.

SI  NON

Autorizo a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI, de conformidade co artigo 4 da Lei 255/2008, do 23 de outubro e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a obtención do certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia de estar ao día das obrigas tributarias.

SI  NON

Autorizo a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI  NON (neste caso presentar a documentación)

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Inclúir, igualmente, as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.



ANEXO I  
(continuación)

## DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

## DOCUMENTACIÓN XENÉRICA INDICADA (ART. 6)

- Documentación acreditativa da personalidade do/a solicitante.
- Declaración sobre a condición de peme da empresa solicitante (ANEXO II).
- Declaración sobre as axudas concedidas ou solicitadas, así como as sometidas á norma comunitaria *de minimis* (ANEXO III).
- Declaración de non ter débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social (anexo IV, unicamente no caso de que se denegue a autorización á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental incluída na primeira parte deste anexo).

## RELACIÓN DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA REQUIRIDA (ART. 7)

- Memoria técnica do proxecto.
- Orzamento detallado da previsión de gastos subvencionables.

## OUTRA DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA PARA OS EFECTOS DO ART. 10 DA ORDE (CRITERIOS DE VALORACIÓN) E OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE


- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 

## LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 1 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ás pemes para o financiamento de actuacións destinadas á prevención, protección, mellora e coñecemento ambiental, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se fai pública a súa convocatoria para o ano 2013.

## SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 ,  de  de 

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÃO EUROPEA

CÓDIGO SOLICITUDE: 

## ANEXO II

## DECLARACIÓN SOBRE A INFORMACIÓN RELATIVA Á CONDICIÓ DE PEME DA EMPRESA SOLICITANTE

Don/Dona  , con NIF nº

en calidade de representante legal de

con domicilio social en

e con NIF nº  , para os efectos do establecido na orde.

## DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE:

A empresa solicitante de subvención ten, segundo a definición establecida no artigo 2.2º desta orde, a condición de:


- Mediana empresa**  
Aquela que ocupa menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual non excede os 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non excede os 43 millóns de euros (\*).
- Pequena empresa**  
Aquela que ocupa menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros (\*).
- Microempresa**  
Aquela que ocupa menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros (\*).

## SINATURA DO REPRESENTANTE

Lugar e data

,  de  de

(\*). Os datos seleccionados para o cálculo do persoal e os importes financeiros son os correspondentes ao último exercicio contable pechado, e calcúlanse sobre unha base anual. Téñense en conta a partir da data en que se pechan as contas. O total de volume de negocios calcúlase sen o imposto sobre o valor engadido (IVE) nin tributos indirectos.



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REGIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA



## ANEXO III

## DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS

Don/Dona , con NIF nº   
en calidade de representante legal de   
con domicilio social en   
e con NIF nº , ao abeiro desta orde,

## DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, QUE:

Para a actuación denominada  esta entidade:

- Non ten solicitado nin obtivo ningunha subvención ou axuda para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.
- Solicitou e fóronlle concedidas, para o mesmo fin, a axuda ou axudas que se sinalan a continuación:

ORGANISMO	DISPOSICIÓN REGULADORA	DATAS DE		CONTÍA €
		SOLICITUDE	CONCESIÓN (1)	

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indícase PENDENTE nesta columna. No caso de solicitudes denegadas farase constar como DENEGADA.

- Non ten solicitado nin recibido nos tres últimos exercicios fiscais axudas acollidas á normativa comunitaria *de minimis*.
- Ten solicitado ou recibiu nos últimos tres exercicios fiscais as seguintes axudas acollidas á normativa comunitaria *de minimis*.

ORGANISMO	DISPOSICIÓN REGULADORA	DATAS DE		CONTÍA €
		SOLICITUDE	CONCESIÓN (1)	


(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indícase PENDENTE nesta columna. No caso de solicitudes denegadas farase constar como DENEGADA.

E que esta entidade non está en situación de crise conforme a definición prevista no artigo 1, número 7, do Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto, da Comisión, en relación coas pemes.

## SIGNATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

Lugar e data

,  de  de



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REGIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA



## ANEXO IV

## DECLARACIÓN DE NON TER DÉBEDAS COA FACENDA AUTONÓMICA E DE ESTAR AO DÍA NO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDAD SOCIAL (\*)

Don/Dona , con NIF nº   
en calidade de representante legal de   
con domicilio social en   
e con NIF nº , para os efectos do establecido nesta orde.


## DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, QUE:

A devandita entidade está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra dúbida coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

## SIGNATURA DO REPRESENTANTE

,  de  de

(\*) Presentar unicamente no caso de que non se autorice esta Administración, no escrito de solicitude, para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia.



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REGIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA



## ANEXO V

COMPROMISO DE MANTENIMENTO DO REXISTRO GALEGO DE CENTROS ADHERIDOS AO SISTEMA  
COMUNITARIO DE XESTIÓN E AUDITORIA AMBIENTAL (EMAS)

Don/Dona  , con NIF nº   
en calidade de representante legal de   
con domicilio social en   
e con NIF nº  , no caso de obtención dunha axuda para a implantación do Sistema comunitario de xestión e auditorías ambientais (EMAS), ao abeiro desta orde.


**DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE,**

O compromiso de mantemento da inscrición no Rexistro Galego de Centros Adheridos ao Sistema comunitario de xestión e auditorías ambientais (EMAS) durante un período mínimo de tres anos.

## SINATURA DO REPRESENTANTE

Lugar e data

,  de  de



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REGIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

**ANEXO VI**

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS ÁS PEMES PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DESTINADAS Á PREVENCIÓN, PROTECCIÓN, MELLORA E COÑECEMENTO AMBIENTAL</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MT984B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE DE ABOAMENTO</b>
--	---	---

<b>DATOS DO/A SOLICITANTE</b>			
PERSONA FÍSICA OU XURÍDICA <input type="text"/>		NIF <input type="text"/>	
ACTIVIDADE <input type="text"/>		CNAE <input type="text"/>	
ENDEREZO <input type="text"/>		LOCALIDAD <input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	
TELÉFONO <input type="text"/>	ENDEREZO ELECTRÓNICO <input type="text"/>		

Don/Dona

en calidade de representante legal de , con NIF

**SOLICITA O ABOAMENTO DO IMPORTE DA AXUDA CONCEDIDA PARA:**

Para tal efecto presenta, se é o caso, e de conformidade co artigo 15 da orde:

- Informe do auditor, se procede.
- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas ou estudo subvencionado, se é o caso.
- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con indicación do acredor e documento, o seu importe e data de emisión, así como posibles desviacións producidas.
- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
- Documentación xustificativa do pagamento: orixinal ou fotocopia compulsada de transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios.
- Certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles ou bens de equipamento de segunda man.
- Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na relación clasificada remitida.
- Declaración sobre as axudas solicitadas/concedidas para a mesma finalidade, así como as sometidas á normativa comunitaria *de minimis* (anexo III).
- Declaración responsable en que se faga constar que a entidade beneficiaria dispón das licenzas, permisos e/ou autorizacións administrativas exixidas pola normativa para o exercicio da súa actividade, así como, se é o caso, para o desenvolvemento do proxecto subvencionable.
- Xustificación e memoria, se é o caso, relativa ás tres ofertas solicitadas ao abeiro do disposto n artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia.
- Certificación expedida pola entidade bancaria en que se sinala o número de conta do beneficiario.
- No caso de non ter autorizado a Secretaría Xeral para a súa solicitude: certificado de non ter débedas coa Administración autonómica e de estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Documentación xustificativa sobre a subcontratación de actividades subvencionadas, se é o caso.
- Documentación xustificativa do cumprimento das obrigas de información e publicidade comunitaria.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 1 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ás pemes para o financiamento de actuacións destinadas á prevención, protección, mellora e coñecemento ambiental, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se fai pública a súa convocatoria para o ano 2013.

**SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSONA QUE O REPRESENTA**

Lugar e data

,  de  de



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

 CÓDIGO SOLICITUDE: 


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>


ANEXO VII  
**Cálculo de emisións de gases de efecto invernadoiro**

Co obxecto de tipificar os cálculos de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, a entidade solicitante deberá encadrar o seu proxecto nalgunha das seguintes descrições:

1. Proxectos de iluminación eficiente.
  2. Instalacións solares fotovoltaicas e instalacións eólicas.
  3. Instalacións solares térmicas.
  4. Substitución de caldeiras.
  5. Outros.
1. Proxectos de iluminación eficiente.

Consideraranse proxectos de iluminación eficiente aqueles que redunden na mellora da eficacia enerxética das instalacións de iluminación interior e exterior dos edificios existentes que se renoven, tales como:

- Luminarias, lámpadas e equipamento: substitución do conxunto por outro con luminarias de maior rendemento, lámpadas de maior eficiencia e reactancias electrónicas regulables e que permitan reducir a potencia instalada en iluminación.
- Sistemas de control de acendido e regulación do nivel de iluminación: incluírán aqueles sistemas de control por presenza e regulación do nivel de iluminación segundo o fornecemento de luz natural que supoñan un aforro eléctrico.
- Cambio de sistema de iluminación: relocalización dos puntos de luz con utilización das tecnoloxías anteriores, de forma que se reduza o consumo eléctrico anual respecto ao sistema actual de iluminación.

A fórmula para o cálculo das emisións de GEI será a seguinte:

$$\text{Consumo iluminación (MWh)} * \text{Factor de emisión tCO}_2/\text{MWh} = \text{tCO}_2 \text{ eq}$$

Onde,

Consumo iluminación = dato para introducir en MWh

Factor de emisión = 0.34 tCO<sub>2</sub>/MWh (Fonte: IDAE, 2012)





Así,

Situación inicial
Emisións de GEI (tCO <sub>2</sub> eq) = Consumo actual iluminación MWh * 0.34 tCO <sub>2</sub> /MWh (A)

Situación final
Emisións de GEI (tCO <sub>2</sub> eq) = Consumo iluminación tras o investimento MWh * 0.34 tCO <sub>2</sub> /MWh (B)

Redución efectiva de GEI
(A) – (B) = tCO <sub>2</sub> eq

## 2. Instalacións solares fotovoltaicas e instalacións eólicas.

Incluiranse nesta epígrafe os investimentos en substitución de equipamentos e instalacións consumidoras de enerxía por equipamentos e instalacións que supoñan un aproveitamento da enerxía solar ou eólica para a súa transformación en enerxía eléctrica, co obxecto de reducir o consumo enerxético e as emisións de CO<sub>2</sub>.

A fórmula para o cálculo das emisións de GEI será a seguinte:

Consumo actual da instalación MWh * Factor de emisión tCO <sub>2</sub> /MWh = tCO <sub>2</sub> eq
---

Onde,

Consumo actual da instalación = dato para introducir en MWh

Factor de emisión = 0.34 tCO<sub>2</sub>/MWh (Fonte: IDAE, 2012)

Así,

Situación inicial
Emisións de GEI (tCO <sub>2</sub> eq) = Consumo actual instalación MWh * 0.34 tCO <sub>2</sub> /MWh (A)

Situación final
Producción da instalación solar MWh * 0.34 tCO <sub>2</sub> /MWh = tCO <sub>2</sub> eq (B)
Se B < A:
Emisións de GEI (tCO <sub>2</sub> eq) = (A) – (B)
Se B ≥ A:
Emisións de GEI (tCO <sub>2</sub> eq) = 0



Redución efectiva de GEI
$(B) = tCO_2 \text{ eq (Se } B < A)$
$(A) = tCO_2 \text{ eq (Se } B \geq A)$

### 3. Instalacións solares térmicas.

Incluiranse os investimentos en substitución de equipamentos e instalacións consumidoras de enerxía por equipamentos e instalacións que supoñan un aproveitamento da enerxía solar para a xeración de calor, co obxecto de reducir o consumo enerxético e as emisións de  $CO_2$ .

A fórmula para o cálculo das emisións de GEI será a seguinte:

Consumo actual da instalación tep * Factor de emisión $tCO_2/tep = tCO_2 \text{ eq}$
--

Onde,

Consumo actual da instalación = dato para introducir en tep.

O factor de conversión a tep dependerá da fonte enerxética da instalación inicial. Así:

Un dos combustibles máis habituais é o gasóleo C (en litros). Os cálculos, neste caso, especificanse a continuación. Para calquera outro combustible, empregar o mesmo procedemento modificando unicamente os factores de conversión segundo o recollido no documento «Factores de conversión de enerxía primaria e emisións de  $CO_2$ . Ano 2011. Instituto para a diversificación e o Aforro da Enerxía (IDAE). Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, 2012».

Factor conversión a tep = 1.092 litros/tep (Fonte: IDAE, 2012)

Factor de emisión = 3.06  $tCO_2/tep$  (Fonte: IDAE, 2012)

Así,

Situación inicial
Emisións de GEI ( $tCO_2 \text{ eq}$ ) = Consumo actual da instalación tep * 3.06 $tCO_2/tep$ (A)

Situación final
Produción en tep da nova instalación solar térmica * 3.06 $tCO_2/tep = tCO_2 \text{ eq}$ (B)
Emisións de GEI ( $tCO_2 \text{ eq}$ ) = (A) - (B)



Redución efectiva de GEI
(B) = tCO <sub>2</sub> eq
(B) non poderá ser maior que (A)

#### 4. Substitución de caldeiras.

Investimentos en substitución de caldeiras por outras máis eficientes, co obxecto de reducir o consumo enerxético e as emisións de CO<sub>2</sub>.

A fórmula para o cálculo das emisións de GEI será a seguinte:

Consumo da caldeira actual tep * Factor de emisión tCO <sub>2</sub> /tep = tCO <sub>2</sub> eq
--

Onde,

Consumo actual da caldeira = dato para introducir en tep.

O factor de conversión a tep dependerá da fonte enerxética da instalación inicial. Así:

Un dos combustibles máis habituais é o gasóleo C (en litros). Os cálculos, neste caso, especifícanse a continuación.

Factor conversión a tep = 1.092 litros/tep (Fonte: IDAE, 2012)

Factor de emisión= 3.06 tCO<sub>2</sub>/tep (Fonte: IDAE, 2012)

Así,

Situación inicial
Emisións de GEI (tCO <sub>2</sub> eq) = Consumo da caldeira actual en tep * 3.06 tCO <sub>2</sub> /tep (A)

Situación final
Emisións de GEI (tCO <sub>2</sub> eq) = Consumo da nova caldeira en tep * Factor de emisión do combustible empregado pola nova caldeira tCO <sub>2</sub> /tep (B)
No caso de que a nova caldeira utilice biomasa como combustible: (B) = 0 tCO <sub>2</sub> eq

Redución efectiva de GEI
(A) – (B) = tCO <sub>2</sub> eq



## 5. Outros.

Aquí encadraranse todos os proxectos non incluídos nas descrições anteriores.

Os cálculos, neste caso, non estarán tipificados e a propia entidade deberá proceder a eles facendo referencia expresa ás fórmulas empregadas, así como aos factores de emisións e factores de oxidación utilizados. Os ditos cálculos poderán efectuarse tendo en conta:

– O documento: Inventario de emisións de gases de efecto invernadoiro de España. Anos 1990-2010. Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, 2012 (anexo 8).

– O documento: Factores de conversión de enerxía primaria e emisións de CO<sub>2</sub>. Ano 2011. Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía. Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, 2012.

– Cando se empregue outra fonte que non veña recollida neses documentos deberá ser validada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

